



RE COR TES

CANEOS E OUTRAS FORMAS DE DRIBLAR

dirección Tito Asorey | dramaturxia José L. Prieto sobre textos de Nacho Carretero

recortes.gal



FICHA ARTÍSTICA

Textos: Nacho Carretero

Dramaturxia: José L. Prieto

Dirección: Tito Asorey

ELENCO

Xosé A. Touriñán

Manuel Cortés

Christian Escuredo

Xoán Fórneas

Isabel Garrido

Sergio Zearreta

EQUIPO ARTÍSTICO

Escenografía

Iluminación e audiovisuais

Asistente de iluminación

Composicións musicais

Coreografías

Axudante de dirección

Vestuario

José Faro 'Coti'

Laura Iturralde

Ángel Sousa

Vadim Yuxhnevich

Mónica García

Sara Rey

Laura Baena

REALIZACIÓNS

Xefa de produción

Asistentes de produción

Asesoría lingüística

Posprodución de son

Deseño Gráfico

Fotografía

Vídeo

Intérprete de LSE

Audiodescrición

Programa accesible

Claudia Peña

Keka Losada e Anxo Fernández

Rosa Moledo

Santi Jul

Artur Galocha

Aigi Boga

Jairo Iglesias

Chusa Pérez de Vallejo

ONCE

FADEMG

Disonancia cognitiva

Tito Asorey | Director

Comezarei este texto cunha confesión: non son un apaixonado do fútbol.

Son desas persoas que, ou ben rexeitaron o fútbol sendo cativos, ou ben foron rexeitados por el ao non se me dar especialmente ben. Mellor dito, ao se me dar realmente mal. Nin era bo porteiro, nin bo defensa, e penso que xamais tiven a oportunidade de, nos meus anos de colexio, probar a ser un bo dianteiro. Ese posto estaba destinado para, digamos, outro tipo de persoas con habilidades moi diferentes ás miñas.

Sei que moitos dos que ledes isto sentirédesvos identificados. Outros moitos non, e pensaredes: vaia, habíame gustar que o director de todo este asunto fose coma min, un verdadeiro amante do deporte rei. Supoño que un é republicano ata nos seus gustos deportivos.

Por outra banda, hei de dicir que dirixín *Fariña* sen ter probado xamais a coca, e quizais -só quizais- haxa algún paralelismo entre o mundo da droga e o do fútbol. Todo pasa, penso eu, e sen ánimo de ser pedante, por algo coñecido como *disonancia cognitiva*. Ese proceso que nos fai actuar dun modo que vai en contra das nosas crenzas: fumamos sabendo que acabará por matarnos, consumimos substancias que sabemos perigosas, pero que son, tamén, divertidas, e somos quen de gozar dun partido de fútbol profesional sabendo que o próximo mundial se vai celebrar en Catar. E aí radica o meu profundo interese polo fútbol, non xa como deporte, senón como elemento perturbador, tráxico, disfuncional, incómodo e, polo tanto, tremendamente teatral.

Esta é, pois, a obra do pero. Esa palabra é a quintaesencia do espectáculo. O fútbol é un disparate económico, pero... sabemos que o fútbol está

en mans de seres perversos, pero...coñecemos a alienación que provoca, pero... Nese pero radica un universo de contradicións que tentamos colocar en escena dun xeito esencialmente humano, é dicir, non tratando de ir moi lonxe, senón un pouco cara a dentro de cada un de nós.

E non quero esquecer a frase de Albert Camus: "O que finalmente sei con maior certeza respecto á moral e ás obrigacións dos homes débollo ao fútbol". E non serei eu, por moito que o fútbol me rexeitara -ou eu ao fútbol-, o que negue a Camus.



A escusa do fútbol

Nacho Carretero | Textos orixinais

José L. Prieto | Dramaturxia

Como acontecera en *Fariña; Recortes, caneos e outras formas de driblar* deunos a oportunidade, outra vez, de unir e mesturar dous mundos que, en realidade, nunca deberon estar lonxe: teatro e xornalismo. Dramaturxia e documentalismo.

De novo decidimos conformar unha sorte de tándem no que a materia prima, unha vez máis, é a realidade. A folla de ruta foi clara: partimos dunha investigación na que indagamos nas sombras, nos currunchos menos visibles do mundo do fútbol. Un achegamento xornalístico para pór riba da mesa asuntos dos que non se adoita falar. Que a moitos non lles gusta escoitar. A partir do barro acadado deuse forma ao molde dramático. Unha viaxe desde a documentación ata o escenario. Unha tradución do xornalismo ao teatro.

Deste xeito, e poñendo en práctica o aprendido no anterior proxecto en común, acadouse un texto no que unha realidade tan presente e influínte como é o fútbol se amosa coas ferramentas teatrais: humor, música, sarcasmo, comedia, reflexión...

O fútbol aquí é, se cadra, unha escusa, un contexto para falar de asuntos que nos interpelan e afectan a todos como sociedade. Historias reais, humanas e próximas que son representadas como só o teatro permite.



O fútbol aquí e hoxe

Fran Núñez | Director do CDG

Poucas cousas hai que esperten tanta paixón coma o fútbol. Ese deporte, capaz de facer que unha cidade se bote á rúa para celebrar un título ou chorar un descenso, destapa as máis fondas paixóns, virtudes e miserias da nosa sociedade. O fútbol, coma o resto dos ámbitos en que desenvolvemos a nosa vida, está formado polas persoas. Para ben ou para mal, somos nós. Por iso, *Recortes, caneos e outras formas de driblar* fala de nós, do que anhelamos, do que ocultamos e do que non queremos que a xente coñeza.

Eu teño, dende sempre, un vencello moi especial co fútbol. Sen ser un gran consumidor, xérame unha especie de profunda atracción que me leva á infancia, a aquel estadio de Balaídos onde me criei, naquel tempo en que o Superdépór, o Eurocelta e o Compos, en primeira, abraíaban o planeta fútbol. Aquele tempo dos penaltis de Djukić e Alejo e da maxia de Djalminha e Mostovoi.

Meu avó traballaba no estadio. Era Antonio, o carpinteiro, o que abría a porta e controlaba os accesos; o que reparaba cousas. Marcial era o responsable das botas e do material; Alfonso, o do céspede. Miña avoa Pacita traballaba controlando o acceso aos baños durante os partidos e limpando as bancadas. Carme a Pildraca encargábase da lavandería.

Crieime con esa xente, xogando naquelas bancadas e tirándolle penaltis a Maté cando eu case nin sabía andar. Pasou o tempo e a miña avoa substituíuna unha máquina que sopraba o lixo que quedara no estadio e a meu avó substituíuno unha empresa de mantemento.

O fútbol profesionalizouse e así o "trivote" formado por Marcial, Alfonso e Antonio, apoiados nun valo publicitario detrás da portería de gol en cada partido, xa non tiña sentido.

A meu avó custoulle entender iso. Ese fútbol en que as empresas estaban por diante das persoas que levaban alí toda a vida non era o seu fútbol. Dende o club tiveron un detalle con el por tanto tempo de dedicación. Chamárono para ofrecerlle un abono vitalicio que rexeitou cunha frase que quedou para o noso recordo: "Non vou". E non volveu. Nós volvemos agora a través deste espectáculo. Igual non é que cambiara o fútbol, como dicía meu avó, igual é que cambiamos nós. Por iso segue sendo tan necesario un teatro do aquí.



CENTRO DRAMÁTICO GALEGO

Dirección	Fran Núñez
Produción	Francisco Veiga
Secretaría de dirección	Susana Caamaño
Xestión	Ledicia Fernández e Paula Agulló
Comunicación, prensa e redes sociais	Ana Miragaya e Ana Rosales
Publicacións	Marcelina Calvo

EQUIPO TÉCNICO

Técnico de iluminación	Juanjo Amado
Asistente de iluminación	Biqui Cabado
Técnicos de son	Antonio G. Budiño e Guillermo Vázquez
Encargado de estrutura escénica	Salvador Forján
Tremois	Antonio Mayo, Óscar Ortega, Xaquín Rei, René Rodríguez, Suso Rodríguez e Elixio Vieites
Auxiliar de imaxe e son	Juan Carlos Palacios
Encargado de talleres	Fernando Rodríguez
Xastra	María Negreira
Limpeza	Laura López e Marisol Pérez

AINÉ

Dirección de produción	Álvaro Pérez Becerra e Javi Lopa
Produción	Claudia Peña, Paco Abelleira e Manuel Martínez
Administración	Elisa Martínez, Laura Canto, Lara Expósito e Lucía Cacheda
Contratación	Carlos Abal
Comunicación	Saúl Rivas e Amara Fontao
Deseño Web	Pilar Mera
Produción executiva	Nacho Carretero, Xosé A. Touriñán, Álvaro Pérez Becerra e Javi Lopa



AGRADECIMENTOS

Beatriz Aldea, Iker Aldea, Iván Calvo, Álvaro Domínguez, Garaxeland, José Manuel González Sanmartín, Zuhaitz Gurrutxaga, Javier Hernández Simón, Javier Iglesias, Íñigo López, Rodrigo Lovelle, Juanjo Martínez, Navarro Abogados y Consultores, Isabel Novo, Antonio Porteiro, Gonzalo Porteiro, Ana Romero "Willy", Enma Varela, Miguel Varela, S.D. Vilvestro, Teular e Trópico de Grelós

Centro Dramático Galego

Salón Teatro, Rúa Nova, 34

15705 Santiago de Compostela

Tel. 881 867 229

centro.dramatico.galego@xunta.gal

www.centrodramatico.gal

 [cdg.salonteatro](https://www.facebook.com/cdg.salonteatro)

 [cdg.salonteatro](https://www.instagram.com/cdg.salonteatro)

 [centrodramatico](https://www.youtube.com/c/centrodramatico)

Axencia Galega das Industrias Culturais

Cidade da Cultura de Galicia. Monte Gaiás, s/N

15707 Santiago de Compostela

Tel. 881 996 073 / 092

agadic@xunta.gal

www.agadic.gal

 [agadic](https://www.facebook.com/agadic)

Ainé Producións

Enrique Mariñas, 32G

15009 A Coruña

Tel. 881 946 972

ola@aine.gal

www.aine.gal

 [aineproductions](https://www.facebook.com/aineproductions)

 [aine_gal](https://www.instagram.com/aine_gal)

 [aine_gal](https://twitter.com/aine_gal)

